

CONSIDERACIONES AO INFORME SOBRE OS RESULTADOS DA AUDITORIA EFECTUADA A FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO DO ANO 2017, POR A3M ADITORES & CONSULTORES DEL NOROESTE, S.L.

Unha vez emitido o informe pola empresa auditoria, e para mellor coñecemento xeral do mesmo, no que aparecen certas salvedadas que debemos aclarar, así como outras consideracións a empregar nun futuro próximo:

Opinión da Empresa Auditora:

As contas anuales abreviadas que se xuntan expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxen fiel do patrimonio e da situación financeira da Federación a 31 de decembro de 2017, así como dos seus resultados correspondientes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2.1 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión con salvedades:

Sobre acreedores comerciais e outras contas a pagar, cun saldo de 12.020,00 euros, refírese a deudas recoñecidas a 31 de decembro de 2017, e de exercicios anteriores, e pagadas posteriormente a primeiros do ano seguinte, non estando pendente ningún pago a acreedores do ano 2017.

O sistema de pago a clubs e outros provedores estabase realizando a través da sé central da Federación e das súas delegacións provinciais, con retrasos á hora de xustificar, por falta dunha comprobación inmediatea, ata que se reflectían contablemente.

Tamén nos atopamos que durante o ano 2017 a grande maioría de tiradores e técnicos non facilitaron conta bancaria para efectuarlles o pago de bolsas de axuda, inscricións, medallas e outros gastos por este sistema, atopámonos que os preceptores non sempre realizan o cobro dentro do exercicio económico, senón que incluso, como houbo casos tardan anos en efectuar o cobro. Isto supón que se contabiliza o gasto pero non se produce o correspondente cobro, quedando así varios pagos sen ser contabilizados durante o exercicio económico, nin incluso antes do peche definitivo das contas.

En evitación de todo isto, a Federación Galega de Tiro Olímpico, esixirán para o ano 2019, que tódolos preceptores da Federación, por calquera concepto, deberán aportar unha conta bancaria, non se efectuando pago algún que non sexa por este sistema. Tamén se esixirá que os clubs facturen os gastos da actividade oficial, dentro dos quince días seguintes á competición.

Con data 26 de novembro de 2018, procedeuse ao peche das catro contas bancarias aperturadas para dar servizo ás delegacións provinciais, quedando unicamente ás correspondentes a sé central da Federación. Aclarar tamén, que tódolos pagos se farán dende a sé central da Federación, facilitando así o control inmediato dos mesmos.

Sobre o Imposto de Sociedades estase a pagar o 10% por non existir actividade comercial. O ano anterior Facenda do Estado pasou un cargo polo 25% do resultado económico do exercicio. Presentouse reclamación por este concepto que está sen resolver.

Aínda que durante o ano 2017 non se realizou a actividade comercial algunha, nos anos anteriores só foi a da venda de vestimenta deportiva, o que supón actividade comercial, e alta na tramitación do imposto sobre o valor engadido. A Federación está exenta do iva emitido, pero non do soportado. De non realizar actividade comercial non sería necesario estar de alta no proceso do iva, o que evitaria a tramitación trimestral e anula do se importe, agás que algún día fose beneficioso para a Federación.


Como consecuencia, a partir do próximo ano 2019, non se realizará actividade comercial algunha, e facilitaráselle aos clubs interesados o enderezo da empresa que confecciona as prendas deportivas (amura), así como as condicións e prezos, para que os mesmos poidan solicitar a vestimenta deportiva que desexen.

Sobre o procedemento contable da Federación, que se realiza a través dun programa informático, con máis de 3000 apuntamentos anuais. Todo este traballo recae na empregada da federación en Lugo, que ademais exerce como Secretaria Xeral da Federación. O Traballo que desenvolve habitualmente ocupalle o tempo que está obrigada a cumprir, e este ano, ademais tívose que realizar o proceso electoral, que comezou o 28 de febreiro e rematou o 13 de novembro en curso, e atender a Empresa auditoria durante o tempo de inspección nas oficinas e proporcionar toda a documentación solicitada, polo que se entende, que neste intre, o retraso dos apuntamentos no programa contable estean retrasados, pero so os apuntamentos, xa que o proceso contable está ao día.

Considerando insto, a Xunta Directiva, estudará a viabilidade de proporcionarlle unha persoa de apoio para poder cumprir o día con toda a actividade que ten asignada. Débese valorar tamén, que unha ausencia por enfermidade, ou outras circunstancias, podería paralizar o funcionamento da Federación, habida conta que practicamente todas as semanas se realizan inscricións para actividade nacional, que ten que facerse a través dunha aplicación informática, que non sempre funciona, así como a expedición de licenzas, certificacións, etc.

O Informe de auditoria e contas do ano 2017 da Empresa Auditora (A 3m auditores) e a comunicación de incidencias está colgado na páxina web da federación, apartado “ Lei de Transparencia”.

Lugo, a vinte e sete de novembro de 2018



O Presidente,

Asdo.: José María Fajardo de Andrade Schächter